

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2016.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **QUINCE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**
- 3º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.**
- 4º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 5º.- **URBANISMO. LICENZAS**
- 6º.- **ALTAS E BAIXAS NO SAF.**
- 7º.- **CONTRATACIÓN.**
- 8º.- **DESESTIMACION DE RECURSO DE REPOSICION FORMULADO  
CONTRA ACORDO SOBRE EXECUCION DE TALA DE  
ARBORES QUE SUPONEN UN PERIGO POTENCIAL DE  
INCENDIO FORESTAL.**
- 9º.- **ESTUDO GEOTÉCNICO PARA O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA  
DE MAIORES.**
- 10º.- **RECLAMACIÓN DE DON DARIO FONDEVILA PENAS. Danos en  
vehículo en data 3 de Setembro de 2014. Rexistro 57551, de  
29-12-2014. (338,80 €)**

### 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 01 de Marzo de 2016.

### 2º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓN.**

2.1.- Escrito de EVA ESPIÑO VALLE.

Dase conta do escrito presentado por EVA ESPÍÑO VALLE, Rexistro de Entrada nº 904 de data 08 de marzo de 2016, no que solicita, dacordo do previsto no artigo 26 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Silleda, un permiso non tribuido de tres (3) meses, no período comprendido entre o 28 de marzo e 28 de xuño de 2016, ambos días incluídos, e que, unha vez rematado o mesmo, reincorporarase ao seu posto de traballo nas mesmas condicións nas que estaba antes deste.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **RESOLVE**

1.- **CONCEDER** a EVA ESPÍÑO VALLO, un permiso non tribuido de tres (3) meses, no período comprendido entre o 28 de marzo e 28 de xuño de 2016.

2.- Notificar este acordo o servizo de recursos humanos do Concello.

### 3º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.**

3.1.- MAITE SANTIAGO LOUZÁN, DNI 78807694-B, para Salón de Beleza en Rúa República Arxentina, nº 18 baixo (Silleda). PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

**VISTAS** as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 28 de Xaneiro de 2016, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa, e unha vez comprobada a documentación acreditativa presentada por MAITE SANTIAGO LOUZÁN, DNI 78807694-B, para a apertura dun Salón de Beleza en Rúa República Arxentina 18 baixo (Silleda)

**VISTO** que o gasto xustificado documentalmente e o baremo das bases.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **RESOLVE**

1.- **CONCEDER** a MAITE SANTIAGO LOUZÁN, DNI 78807694-B, unha subvención de **900,00 €** para a apertura dun Salon de Beleza en Rúa República Arexntina, 18 baixo (Silleda), coa obriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

### 4º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**

4.1.- Escrito de Manuel Gago Rodríguez, en nome e representación da sociedade **ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L. (EGPE)**, Rexistro de Entrada

nº 575 de data 11 de febreiro de 2016, solicitado devolución de avais correspondentes a construción do Parque Eólico Couto de San Sebastián (por importe de 64.633,40 €) e a construción de liña de alta tensión do citado parque (por importe de 21.045,50 €), ambos de data 20 de setembro de 2007.

**VISTO** que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada.

**SE ACORDA** Proceder a devolución dos seguintes avais a **ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L. (EGPE)**:

1º.- AVAL formalizado pola Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Madrid, nº 2007/039.219, correspondente ó “Instalación Parque Eólico Couto de San Sebastián”, por importe de 64.633,40 € de data 20 de setembro de 2007, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

2º.- AVAL formalizado pola Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Madrid, nº 2007/039.218, correspondente ó “Instalación Línea Alta Tensión Parque Eólico Couto de San Sebastián”, por importe de 21.045,50 € de data 20 de setembro de 2007, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

## **5º.- URBANISMO. LICENZAS**

### **5.1.- Licenza de actividade. Autocares Lázara S.A..**

Vista a solicitude de licenza de actividade, presentada por M<sup>a</sup> Luz Lázara Pérez, en representación de AUTOCARES LÁZARA, S.A., Rexistro de Entrada nº6446 de data 26 de novembro de 2015, para “Aparcadoiro de autobuses, oficinas e compra venta de vehículos con epígrafe 615.1” en nave ubicada no polígono Industrial Área 33 de Silleda, parcelas 3 e 4, mazá nº 1.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de outubro de 2011, acordou:

*“4.3.2.- Licencia Nº 3364/03. Visto o expediente instruído a instancia de AUTOCARES LÁZARA, S.A., solicitando Licencia para construción dunha nave industrial para aparcadoiro de autobuses e oficinas, a situar nas parcelas nº 3 e 4, mazá nº 1, do Parque Empresarial Area-33, no lugar de A Mera (Silleda).*

*Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 02 de decembro de 2.004, se concede licenza provisional de actividade á licenza de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio*

*Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva.*

*Visto que polo interesado preséntase en data 15 de novembro de 2010, rexistro de entrada nº 5051, certificación final de obra suscrita polo Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada e o Arquitecto Dº Juan Carlos Picans Villar, de data 02 de setembro de 2009 e visada polo colexio oficial en data 07 de xullo de 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente.*

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 27 de outubro de 2011 e o informe favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 27 de outubro de 2011, acorda a concesión de licenza de actividade a AUTOCARES LÁZARA, S.A. para construción dunha nave industrial para aparcadoiro de autobuses e oficinas, a situar nas parcelas nº 3 e 4, mazá nº 1, do Parque Empresarial Area-33, no lugar de A Mera (Silleda)."*

Visto que para esta actividade non son necesarias obras de acondicionamento nin de obra civil nin de modificación das instalacións existentes".

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

## **ACORDA**

Primeiro.- **CONCEDER**, a AUTOCARES LÁZARA S.A. o cambio de licenza de actividade, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión do 27 de outubro de 2011, pasando a "Aparcadoiro de autobuses, oficinas e compra venta de vehículos con epígrafe 615.1" en nave ubicada no polígono Industrial Área 33 de Silleda, parcelas 3 e 4, mazá nº 1.

### **5.2.- Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda) a favor de RUBÉN COLMEIRO NAVAZA.**

Visto o escrito presentado por Dº Rubén Colmeiro Navaza, Rexistro de Entrada nº 7001, de data 31 de decembro de 2015, solicitando cambio de titularidade a seu favor da licenza de actividade do establecemento sito na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda)

Visto que a solicitude adxunta autorización do titular do local, José Luis Torres López, para a transmisión da mencionada licenza, así como contrato de arrendamento asinado entre ambas parte en data 14 de novembro de 2015.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de abril de 1996 acordou:

## **“6.- SOLICITUD DE LICENCIA DE APERTURA DE LA DISCOTECA ANTONIOS Y OTROS S.L.”**

Seguidamente se da cuenta del Decreto del Sr. Alcalde sobre concesión de licencia provisional de acondicionamiento y apertura de este expediente, adoptado el día 18 de abril de 1.996 siguiente:

"Visto el expediente instruido a instancia de D. Antonio Rodríguez Loureiro, en nombre de Antonios y Otros S.L., vecino de Silleda, que solicita la reglamentaria licencia municipal para Apertura de una Discoteca a emplazar en la Calle Cartagena, 13-bajo de Silleda, y

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, se procedió a realizar información pública con le resultado que consta, incorporando los preceptivos informes técnicos y el de la Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado a la Jefatura Provincial de Protección Ambiental de la Delegación de Pontevedra de la Consellería da Presidencia e Administración Pública, este Organismo, con fecha 29 de marzo de 1996, informa en sentido favorable, calificando dicha actividad como Molesta S.C.D. producción de ruidos, condicionado a los requisitos siguientes:

a) Medidas correctoras: las propuestas en los Planos y Memorias.

b) Situación: Según proyecto.

c) Distancias mínimas: Según proyecto.

**RESULTANDO:** Que el lugar de emplazamiento no está en contradicción con las Ordenanzas y acuerdos municipales sobre el particular.

**CONSIDERANDO:** Que en la tramitación de este expediente se han observado las prescripciones legales.

**CONSIDERANDO:** Que es de la competencia de esta Alcaldía la concesión de la licencia solicitada, de conformidad con lo dispuesto en el art. 6º del Reglamento de 30 de noviembre de 1.961.

Esta Alcaldía ACUERDA LA CONCESION PROVISIONAL de la licencia solicitada, debiendo cumplirse las observaciones y medidas correctoras que, en su informe, señala dicha Jefatura Provincial de Protección Ambiental, no pudiendo comenzar a ejercerse la mencionada actividad hasta tanto no se conceda la licencia definitiva, para lo que será indispensable que se haya levantado acta de comprobación, que el interesado deberá solicitar a este Ayuntamiento, la cual tendrá que ser favorable, acompañando a la petición certificado del técnico director de las obras o instalaciones en el que se especifique la conformidad de las mismas con los términos de esta licencia.

Notifíquese esta resolución al interesado, así como los recursos legales que contra la misma pueda interponer.

Comuníquese igualmente a la referida Jefatura Provincial de Protección Ambiental y Gobierno Civil de Pontevedra en el plazo de tres días, para cumplir lo preceptuado por el art. 6º de la Instrucción de 15 de marzo de 1.963, en relación con el Real Decreto de Transferencias sobre la materia y disposiciones complementarias."

La Comisión de Gobierno bien enterada y por unanimidad acuerda ratificar el Decreto del Sr. Alcalde y conceder la Licencia de Apertura solicitada; así como la licencia de obras de acondicionamiento del local.”

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes aproba este acordo:**

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Discoteca, sita na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura RUBÉN COLMEIRO NAVAZA con DNI 45.861.092-N.

### **5.3.- Reforma interior de vivenda unifamiliar en Andamollo Manduas. María Salomé Taboada Mella, e.r. HEREDEROS DE HERMANOS TABOADA RODRÍGUEZ**

Vista a solicitude de licenza, presentada por María Salomé Taboada Mella, e.r. HEREDEROS DE HERMANOS TABOADA RODRÍGUEZ, Rexistro de Entrada nº 146 de data 14 de xaneiro de 2013, para reforma interior de vivenda unifamiliar en Andamollo, Manduas.

Visto o informe emitido o 8 de marzo de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: *María Salomé Taboada Mella, e.r. HEREDEROS DE HERMANOS TABOADA RODRÍGUEZ*

Data de rexistro: 14.XAN.2013                      Nº: 146                      Data escrito: 14.XAN.2013

Solicitude: *Reforma interior de vivenda unifamiliar*

Tipo de Solicitude: *Obra Maior*                      Superficie construída: 367,13 m2

Emprazamento: *Andamollo, Manduas*

Referencia catastral: 36052C50900789                      Superficie Catastro: 22.606 m2

Autor do Proxecto: *Elena López Fernández, Arquitecta colegiada 3340*

Proxecto: *Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*

Dirección de Obra: *n/d*

Oficio de Dirección:

Dirección de Execución:

Oficio Direc. Execución:

Exposición pública: *BOP*                      *DOG*                      Prensa: *Faro de Vigo 08.FEB.2016*

Orzamento (P.E.M.): *35.024,73 €*                      P.E.M. segundo Mbc ano 2010: *€*

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

1 *Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*

2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*

3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.*

4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*

5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*

- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.*
- 7 *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*
- 13 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 14 *Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
  - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
  - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
  - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
  - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
  - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
  - 16.8 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
  - 16.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
  - 16.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
  - 16.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
  - 16.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Inicialmente o 18/12/2012*
- 17 *Concordantes*

#### **ANTECEDENTES:**

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por María Salomé Taboada Mella, e.r. HEREDEROS DE HERMANOS TABOADA RODRÍGUEZ, presentada con R.E. 146 de 14.XAN.2013. Aporta de expediente de legalización e proxecto básico de reforma interior de vivenda unifamiliar, asinado por Elena López Fernández, Arquitecta colexiada 3340 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na

redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.b) da LOUGA e sería autorizable mediante autorización autonómica previa tramitada consonte o artigo 41 da LOUGA segundo o artigo 36, salvo mellor criterio dos servizos xurídicos do Concello.

6. Coa normativa vixente, a vivenda na que se pretenden as actuacións está sometida ao réxime de fóra de ordenación, e por tanto sometida ao artigo 103 da LOUGA:

*Artigo 103. Edificios fóra de ordenación.*

1. Os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ó réxime de fóra de ordenación.

2. Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento **só se poderán autorizar obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.** Agás que no planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.

3. Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderanse autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral respectivo.

6.1.1 *Este arquitecto entende que a situación de fóra de ordenación total á que está sometida a edificación existente non permite as actuacións que se solicitan. Porén, serán autorizables sempre e cando se tramite autorización autonómica segundo o establecido nos artigos 40 e tramitadas segundo o artigo 41 da LOUGA.*

7. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.



8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

11.1 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para dar traslado aos organismos citados no punto 11 deste informe”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

## **ACORDA**

- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** A SOLICITUDE e dar traslado do expediente completo, xunto cós informes técnicos e xurídicos e certificado da exposición pública ao Servizo de Urbanismo da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

### **5.4.- Licenza de obra para Farmacia. José Luis Garrido Novoa.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por José Luis Garrido Novoa, Rexistro de Entrada nº 436 de data 2 de febreiro de 2016, para farmacia na Rúa Trasdeza, nº 82, Silleda.

Visto o informe emitido o 15 de marzo de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: José Luis Garrido Novoa  
Data de rexistro: 02.FEB.2016 Nº: 436 Data escrito:  
02.FEB.2016  
Solicitude: Farmacia  
Tipo de Solicitude: Actividade Superficie construída: 152,07  
m2  
Emprazamento: Rúa Trasdeza, nº 82, Silleda

Referencia catastral: 1976003NH6217N0001FD Superficie Catastro:  
175 m2  
Autor do Proxecto: Marta Fernández Pereira, arquitecta técnica Colexiada VR-1158  
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial  
Dirección de Obra: N/D  
Dirección de Execución: N/D  
Exposición pública BOP DOGA Prensa  
Orzamento (P.E.M.): 49.462,13 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:  
€

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 14 Lei 5/1999, de 21 de maio, de Ordenación Farmacéutica de Galicia
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
  - 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012
- 16 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por José Luis Garrido Novoa, presentada con R.E. 436 de 02.FEB.2016. Aporta de proxecto técnico asinado por Marta Fernández Pereira, arquitecta técnica colexiada VR-1158, resolución do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra (r.s. 293 de 23.FEB.2016) pola que se autoriza o traslado voluntario e definitivo da oficina de farmacia e xustificante de pago de taxas municipais.

2. Trátase do traslado dunha oficina de farmacia actualmente situada na beirarrúa oposta, no nº 65. as distancias con outros establecementos de farmacia, de 250 metros, cumprense segundo o artigo 18.9 da Lei 5/1999, de 21 maio, de ordenación farmacéutica.

3. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

4. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

#### INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.** Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Farmacia**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 2**.

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, a actividade de farmacia encádrase dentro do uso comercial (Art. 216.- relación segun categorías) e é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como comercial: "**ART. 118.- DEFINICION:**

1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas. (...). **Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o art. 18 do nomeado PXOM.**

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria, capítulo 1.3.2, e na documentación gráfica do proxecto

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos*, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

12. No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a ocupación da vía pública; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

13. No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a ocupación da vía pública; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA,**

1º.- **CONCEDER** salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a licenza municipal de obras solicitada, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras para farmacia.

2º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial obrante na páxina web do Concello.

**5.5.- ACORDO SOBRE EXECUCION DE OBRA DE PAVIMENTACION DUN TRAMO DE VIA PUBLICA EN CAMIÑO DE CONCENTRACION PARCELARIA NO LUGAR DE CORTELLEIRO, AFECTANDO A UN TRAMO DO CAMIÑO DE SANTIAGO, FINANCIADA POR FRIGORIFICOS BANDEIRA S.L.**

**VISTO** que a empresa FRIGORIFICOS BANDEIRA S.L., por medio do seu representante José Cochón Piedras, manifesta o seu interese na ampliación e pavimentación con aglomerado asfáltico da pista que rodea as instalacións da sociedade, consistente nun matadoiro sito na localidade de Bandeira-Silleda, entre o acceso principal pola CN-525 e a parte traseira da nave, por ser unha mellora que beneficia directamente a súa actividade comercial-industrial, pero, tamén e sobre todo, ao darse a circunstancia de que a normativa sanitaria que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos adicados ao transporte no sector gandeiro esixe, como mínimo, que teña accesos distintos de entrada e saída dos camións o local, razón que obriga a poder dispor dunha entrada para vehículos na parte traseira das instalacións, no seu linde noroeste. Por tales razóns necesitan a pavimentación desa pista que bordea a nave, e, por ser parte directamente interesada, están dispostos a financiar integramente a súa execución mediante aglomerado asfáltico, para o cal dispoñen dun presuposto da empresa Taboada y Ramos S.L.

**TENDO EN CONTA** que se trata dun tramo do camiño de Santiago, en zona de concentración parcelaria e que se presentou a Dirección Xeral do Patrimonio un Anteproxecto -expdte. nº 2015/0651 VP- para regularizar e afirmar ese tramo de vía pública, por atoparse na coñecida como Ruta da Prata, consistindo as obras previstas en regularizar a explanación e pavimentar cunha capa de asfalto, informando favorablemente a mesma en data 21 Outubro 2015 coas condicións técnicas sinaladas no punto 3 da resolución.

Por canto antecede, se acorda:

- **AUTORIZAR** as obras para regularizar e afirmar un tramo de vía pública, en camiño de concentración parcelaria no lugar de Cortelleiro, Bandeira-Silleda, lindando coa nave da empresa FRIGORIFICOS BANDEIRA S.L., consistindo as mesmas en regularizar a explanación e pavimentar cunha capa de asfalto, coas condicións técnicas sinaladas no punto 3 do informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 21 Outubro 2015 -expdte. Nº 2015/0651 VP-, obras financiadas directamente pola sociedade FRIGORIFICOS BANDEIRA S.L., que manifestan ese interese, por ser unha mellora que beneficia directamente a súa actividade comercial-industrial, pero, sobre todo, ao darse a circunstancia de

que a normativa sanitaria que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos aricados ao transporte no sector gandeiro esixe accesos distintos de entrada e saída dos camións o local, hoxe limitado a entrada principal pola CN-550.

- A execución das mesmas no suporá dereito de ningún tipo da FRIGORIFICOS BANDEIRA S.L sobre ese vial, que continuará tendo a consideración e cualificación legal de ben de dominio público, afectado polo tramo coñecido como Ruta da Prata, do Camiño de Santiago, e, en consecuencia, de uso libre e público para tódolos cidadáns.

## **6º.- ALTAS E BAIXAS NO SAF.**

### **6.1.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF na modalidade de Libre Concurrencia, de Ricardo Antonio Barreiro Folla.**

Dase conta da comunicación de M<sup>a</sup> del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 08 de marzo de 2016, de baixa no SAF na modalidade de Libre Concurrencia de:

<b>Nome a Apelido</b>	<b>Motivo da baixa</b>
<b>Ricardo Antonio Barreiro Folla</b>	Traslado a Residencia

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** a aprobación desta baixa.

## **7º.- CONTRATACIÓN.**

Visto que solicitáronse tres ofertas para realización dunha viaxe coa Coral Polifónica Trasdeza a Plasencia (Cáceres) o vindeiro día 7 de maio e retorno o 8 de maio de 2016.

Vistas que as ofertas presentadas son:

EMPRESA	ORZAMENTO
---------	-----------

Autocares Lázara S.A.	Autocar 55 prazas 1.100,00 € + 10% IVE Autocar 65 prazas 1.365,00 € + 10% IVE
Empresa Lázara S.LA.	1.100,00 € + 10% IVE
Empresa Cuiña S.L.	Autocar 55 prazas 1.163,63 € + 10% IVE Autocar 63 prazas 1.318,18 € + 10% IVE

A **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar a viaxe da Coral Polifónica Trasdeza a Plasencia (Cáceres) o vindeiro día 7 de maio e retorno o 8 de maio de 2016 a EMPRESA LÁZARA, S.A., por ser a mais ventaxosa para o Concello.

**8º.- DESESTIMACION DE RECURSO DE REPOSICION FORMULADO CONTRA ACORDO SOBRE EXECUCION DE TALA DE ARBORES QUE SUPONEN UN PERIGO POTENCIAL DE INCENDIO FORESTAL.** (Lei 3/2007 de Prevención contra os Incendios Forestais de Galicia)

**ANTECEDENTES**

**Acordo previo XGL.** Na XGL celebrada o día 2 de Febreiro de 2016 rexeitouse a petición de José A. Núñez Fondevila, interesando se proceda a tala duns eucaliptos na proximidade da súa vivenda, considerando que existe perigo de incendios por incumprirse a distancia mínima que se establece no art. 21 da Lei 3/2007, cuxa parte dispositiva do acordo se transcribe:

*"- Non considerar a tramitación de expediente de tala de árbores, instruído a instancias de José Núñez Fondevila, a 27,5 mt do paramento exterior da propiedade denunciada, na proximidade da súa vivenda, no lugar de Souto, parroquia de Graba, considerando que, ao tratarse de só dous exemplares, é un número insuficiente para crear un perigo de incendio -elemento fundamental a valorar- e, por outra parte, o eucalipto base da denuncia tería a característica de árbore singular de acordo coa Dis. Adicional 3ª da Lei 3/2007, sen prexuízo de que si estima a existencia dun perigo potencial para a súa vivenda e residentes recorra pola vía xudicial para que ordée a súa tala."*

**VISTO** o recurso de reposición contra ese acordo, rexistro de entrada 925, de data 08 Marzo 2016, no que, en síntese, se alega que "nada dice la ley sobre el número de árbores susceptibles de originar un incendio", polo que

o acordo da XGL "...carece de fundamentación jurídica alguna y no deja de ser una mera opinión de los componentes"

**CONSIDERANDO** que do expediente instruído se desprende que a distancia de 27,5 mt. efectivamente estaría dentro da faixa dos 30 mt do art. 21 da Lei, pero valorando do mesmo xeito que estamos diante dun marxe dubidoso de só 2,5 mt sobre os 30, medidos sobre o paramento, e que a vivenda se atopa claramente fora da mesma, pero, sobre todo, e moi especialmente, que se trata de só dous exemplares, un número insuficiente, de xeito notorio e evidente, para crear un perigo de incendio, cuestión esencial a estes efectos legais, en contra da opinión do recorrente. A tese de que nada diga a lei sobre o número de árbores debe ser rexeitada de plano, por tratarse dunha cuestión de interpretación e aplicación dun concepto que debe efectuar quen corresponda -os Tribunais en última instancia-, neste caso o órgano de goberno municipal e, por outro lado, resulta evidente para calquera persoa dun nivel corrente de coñecementos que 2 eucaliptos, máxime de grandes dimensións, non crean un potencial perigo de incendio, xa que ese perigo se refire a masas arbóreas de maior dimensión, compactas, ou con moita maleza e sotobosque, un concepto, aínda que indeterminado, que non pode aplicarse, se reitera, a 2 árbores, por lóxica humana consistente, e pode argüírse que resulta algo público e notorio. En canto a referencia a que se trata de "de una mera opinión de los componentes de la JGL". Por suposto, de iso se trata, xa que son os facultados legalmente para tomar esa decisión. Así de sinxelo. E aos que recorre o interesado, a maior abundamento.

Por canto antecede, se acorda:

- **DESESTIMAR** o recurso de reposición interesado por José A. Núñez Fondevila, contra o acordo da XGL de 2 de Febreiro, reiterando a tala de 2 árbores a 27,5 mt da súa vivenda, no lugar de Souto, parroquia de Graba, considerando que, ao tratarse de só dous exemplares -e de grandes dimensións-, é un número insuficiente para crear un perigo de incendio forestal, xa que o espírito da lei consiste en evitar o risco de que se produza tal incendio, perigo inexistente no caso presente polo aludido.

#### **9º.- ESTUDO GEOTÉCNICO PARA O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES.**

Vista a necesidade da realización dun estudo geotécnico para a realización da obra "Centro de Día e Residencia de Maiores".

Visto que solicitáronse ofertas as seguintes empresas:



- Ingeniería Geotécnica y Calidad S.L.
- Enmacosa Consultoría Técnica S.A.
- Investigación y Control Lugo S.L.

Visto que as ofertas recibidas ascenden a:

Empresa	Oferta €
Ingeniería Geotécnica y Calidad S.L.	1.950,00 + IVE
Enmacosa Consultoría Técnica S.A.	1.550,00 + IVE
Investigación y Control Lugo S.L.	1.797,86 € + IVE

A **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Adxudicar o estudo geotécnico para o Centro de Día e Residencia de Maiores a empresa Enmacosa Consultoría Técnica S.A., por ser a mais ventaxosa para o Concello.

**10º.- RECLAMACIÓN DE DON DARIO FONDEVILA PENAS. Danos en vehículo en data 3 de Setembro de 2014. Rexistro 57551, de 29-12-2014. (338,80 €)**

**ANTECEDENTES.** Dario Fondevila Penas, DNI 35148486-R, veciño de Negreiros-Silleda, interpuxo unha reclamación por responsabilidade patrimonial baseada nun golpe na porta e aleta traseira esquerda que sufriu no seu vehículo Ford Fusión, 2756HDY, cando circulaba por unha pista municipal ocasionado polo tractor Celtis 4564RM matrícula E7414BCT, que tamén circulaba facendo ao mesmo tempo labores de desbroce no arcén. Foi remitido o caso a Aseguradora do Concello, AXA Seguros, que o rexeitou considerando que non era un accidente de tráfico.

O interesado presentou contencioso-administrativo, que se tramita no Xulgado nº 2 de Pontevedra, PA nº 287/2015, contra o Concello e a Aseguradora AXA.

**VISTO** que o Secretario informe que, sen prexuízo das razóns de fondo polas que se desestimou a reclamación na XGL de 27 Xaneiro de 2015, quedou acreditado que a cuantía se atopaba dentro do límite da franquicia que exime a Aseguradora, polo cal, procede estimar a mesma.

Polo exposto, se acorda:

- **Admitir a reclamación** de Dario Fondevila Penas, DNI 35148486-R, veciño de Negreiros-Silleda, que interpuxo unha reclamación por responsabilidade patrimonial baseada nun golpe na porta e aleta traseira esquerda que sufriu no seu vehículo Ford Fusión, 2756HDY, cando circulaba por unha pista municipal ocasionado polo tractor Celtis 4564RM matrícula E7414BCT, por importe de **338,80 €**.
- Notificar o interesado, a Aseguradora e ao Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de Marzo de 2016

Vº e Prace  
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga